

SELECCIÓN DE DOCUMENTOS. TEMA 18. A CUESTIÓN NACIONAL NO S. XIX

***Textos que apareceron en exames PAU**

Doc. 1.- . As Bases de Manresa (1892)

Poder Central.

Base 1ª. As súas atribucións. Estarán a cargo do poder central:

- a. as relacións internacionais,
- b. o exército,
- d. a construción de estradas, ferrocarrís, canles e portos que sexan de interese xeral,
- f. a formación do orzamento anual de gastos que se distribuirá entre as rexións en proporción á súa riqueza...

Poder Rexional.

Base 2ª. Na Constitución Rexional Catalá manterase o carácter amplo da nosa lexislación antiga.

Base 3ª. A lingua catalá será a única que con carácter oficial poderá usarse en Cataluña e nas relacións desta rexión co Poder Central.

Base 4ª. Unicamente os cataláns, xa o sexan por nacemento ou ben por naturalización poderán desempeñar cargos públicos en Cataluña.

Base 6ª. Cataluña será soberana do seu goberno interior e por tanto ditará libremente as súas leis orgánicas, terá ao seu cargo a lexislación civil, penal, mercantil, administrativa e procesual, o establecemento e a recadación de impostos; a cuñaxe de moeda, e terá todas as atribucións inherentes á soberanía que non correspondan ao goberno central segundo a base 1ª

Base 7ª. O poder lexislativo rexional residirá nas Cortes catalás. As Cortes formaranse por sufraxio entre os cabezas de familia.

Manresa, 27 de marzo de 1892. O Presidente, Luís Doménech e Montaner

Doc. 2.- Textos de Prat de la Riba,

“España non é cuestión de lingua nin de corazón, senón de ventre. Para os que viven dela, España é unha realidade providencial indiscutible; para os demais é unha expresión xeográfica ou ben a denominación impropia dunha soa das nacionalidades españolas, a nacionalidade castelá”.
(1896)

“Situada Cataluña na área xeográfica coñecida co nome de España, somos españois da mesma maneira que somos europeos por estar comprendida España dentro do continente Europa. Gobernada España polo Estado español, os cataláns somos españois como membros dese Estado, como cidadáns desa sociedade política. Non somos, pois, inimigos de España, tomada neste sentido (que é o único real), nin ao combater ao Estado español queremos outra cousa que refacelo con equidade e xustiza, e cunha organización máis adecuada e perfecta, dentro da cal Cataluña poida atopar unha vida de liberdade e progreso”.

Nacionalisme catalá I separatisme espanyol (1900)

Doc. 3.- Prat de la Riba (La Nacionalitat Catalana, 1906) defende a idea dun Estado catalán integrado nunha federación española*:

“Consecuencia de toda a doutrina aquí exposta é a reivindicación dun Estado Catalán, en unión federativa cos estados das demais nacionalidades de España. Do feito da nacionalidade catalá nace o dereito á constitución dun Estado propio, o Estado Catalán. Do feito da unidade política de España, do feito da convivencia secular de distintos pobos, nace un elemento de unidade, de comunidade, que os pobos unidos deben manter e consolidar. De aquí un Estado composto”.

Doc. 4. Memorial en defensa dos intereses morais e materiais de Cataluña, coñecido como Memorial de agravios, presentado á Coroa en Madrid o 10 de marzo de 1885*:

“Non temos, Señor, a pretensión de debilitar, nin moito menos atacar a gloriosa unidade da patria española; ao contrario, desexamos fortificala e consolidala; pero entendemos que para logralo non é bo camiño afogar e destruír a vida rexional para substituíla pola do centro [...]. O que nós desexamos, Señor, é que en España se implante un sistema rexional adecuado [...]. Señor: estamos privados do noso sistema administrativo [...]. Non podemos usar a nosa lingua máis ca nos nosos fogares e en conversas familiares [...]. E como se todo isto non fose bastante, hai tempo que se nos vén ameazando con destruír, ou cando menos adulterar, o noso dereito civil”.

Doc. 5.- Sabino Arana, "¿Qué somos?". Obras Completas. Editorial Sabindiar-Batza. Buenos Aires. 1965. Páxinas 627 e 628

"A fisionomía do biscaíño é intelixente e nobre; a do español, inexpresiva e adusta.
O biscaíño é de andar apostado e viril; o español, ou non sabe andar (exemplo, os quintos) ou se é apostado é tipo feminino (exemplo, o toureiro).
O biscaíño é forte e áxil; o español é frouxo e torpe.
O biscaíño é intelixente e hábil para toda clase de traballos; o español é curto de intelixencia e carece de maña para os traballos máis sinxelos. Preguntádello a calquera contratista de obras e saberedes que un biscaíño fai en igual tempo tanto como tres maketos xuntos.
O biscaíño é laborioso (vede labradas as súas montañas até o cume); o español, preguiceiro e vago (contemplade as súas inmensas chairas desprovistas en absoluto de vexetación).
[...]
Por último, segundo a estatística, o noventa e cinco por cento dos crimes que se perpetran en Bizkaia débense a man española, e de catro dos cinco restantes son autores biscaíños españolizados.
Dicide, pois, agora se o biscaíño é español polo seu tipo, carácter e costumes ."

Doc. 6. Fragmento do artigo «Glorias y fiestas bastardas», publicado no xornal nacionalista bilbaíno Bizkaitarra o 27 de abril de 1894*:

“A maior desgraza do biscaíño non é a relaxación dos seus costumes, nin a extinción da súa lingua, nin a corrupción da súa raza, nin a invasión maketa; nin sequera a escravitude á que o reduciu o español. Non: a desgraza máis grande do biscaíño é o non coñecer a súa Patria; que se a coñecese, facilmente evitaría aqueloutras, que son consecuencia desta incomprensible cegueira”.

Doc. 7.- Texto de Alfredo Brañas publicado en 1886

“A descentralización rexional con todas as súas consecuencias, cos dereitos que nacen en cada Provincia, das súas necesidades e intereses naturais naturais; este é, a non dubidalo, o único medio

de restablecer o equilibrio económico administrativo e político que, arrebatado en mala hora por poderes en nome da liberdade, unha tiranía contra a que todos hoxe, por fortuna, protestan”.

Doc. 8.- Texto de Manuel Murguía publicado en 1889

O rexionalismo, contra o que sosteñen os seus adversario, non acepta o absolutismo, nin predica a volta ao que xa pasou para sempre xamais. Proclama moi alto que é por esencia réxime de liberdade: o máis grande e o máis necesario [...] Os rexionalistas queren conservar o que é privativo do seu pobo ou rexión, o que está na súa alma e o seu sangue, pero isto dentro das liberdades modernas, sen renegar da civilización actual, da que derivan as doutrinas que sustenta. Se somos fillos da nosa rexión, sómolo tamén do noso tempo”

Doc. 9. Discurso pronunciado por Manuel Murguía no certame literario celebrado en Pontevedra o 9 de agosto de 1886*:

“As linguas son as verdadeiras bandeiras nacionais: levan as súas propias cores. Conservemos a nosa e pelexemos no seu nome e á súa sombra. Ela reflicte a nosa vida intelectual e afectiva: criouse nas nosas entrañas, é a un tempo a nosa nai e a nosa filla: dez séculos puxeron nela canto nos pertence. De dous millóns de habitantes, millón e medio só sabe e só fala o galego. Cultivémola, pois, deámoslle a vida e relevo, a consistencia e a duración de que só é capaz a obra literaria.”